

M. Álvarez de la Granja (2004): “As unidades fraseolóxicas na lexicografía galega”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 4, 477-484.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

AS UNIDADES FRASEOLÓXICAS NA LEXICOGRAFÍA GALEGA

María Álvarez de la Granja

Universidade de Santiago de Compostela

Como todos sabemos, nos dicionarios xerais, sexan monolingües ou bilingües, non só se definen “palabras”, unidades monoverbais, senón tamén grupos de palabras funcionalmente unitarios que xenericamente se denominan expresións fixas ou unidades fraseolóxicas.

A Fraseoloxía, como disciplina lingüística, naceu tardiamente (Isacenko¹ xustificou a súa autonomía en 1948) e este feito pode explicar, polo menos parcialmente, que en moitos casos (galego, español, portugués...) presente un escaso desenvolvemento. Sen embargo, esta situación non impediu que desde sempre os dicionarios introducisen e definisen, a carón das unidades monoverbais, unidades fraseolóxicas de moi diverso tipo. Con todo, xa centrándonos nos dicionarios galegos, o feito de carecermos de estudos teóricos sobre a natureza das expresións fixas que nos axuden a caracterizalas e a delimitalas claramente, pode xustificar, polo menos en parte, as eivas e deficiencias que atopamos no seu tratamento lexicográfico.

Un dos principais problemas é a confusión e mestura que existe nos nosos dicionarios² entre o que son realmente unidades fraseolóxicas ou expresións fixas e as construcións libres, carentes do trazo distintivo das primeiras: a fixación. Repasemos brevemente a través de Zuluaga³ o significado deste concepto:

“Según el saber lingüístico del hablante, la fijación se entiende como la propiedad que tienen ciertas expresiones de ser reproducidas en el hablar como combinaciones previamente hechas –tal como las estructuras prefabricadas, en arquitectura–. Desde el

¹ Isacenko, 1948.

² Falamos só dos dicionarios galegos porque son os que aquí nos interesan e os que analizamos con máis detalle, pero cremos que en dicionarios doutras linguas podemos atopar-las mesmas deficiencias e os mesmos erros.

³ Zuluaga, 1975, p. 230

punto de vista lingüístico-funcional (...) dicha propiedad puede ser definida como suspensión, semántica y sintácticamente inmotivada, de la aplicación de alguna regla de la combinación de los elementos del discurso”.

Así, por exemplo, unha construción como *corta-lo bacallao* (‘mandar’) reproducese en bloque, o falante non escolle illadamente os elementos *cortar*, *o* e *bacallao*, combinándoos na expresión *corta-lo bacallao*, senón que, con ese significado, xa a encontra así construída no seu acervo léxico. Este feito maniféstase no comportamento particular da expresión á hora de someterse a operacións propias da técnica do discurso, comportamento que non pode ser xustificado semántica ou sintacticamente:

- 1) **Relativización:** *Neste asunto, o bacallao que corta Manuel...
- 2) **Modificación:** *Neste asunto, Manuel corta o bacallao grande.
- 3) **Cambio de determinante:** *Neste asunto, Manuel corta este bacallao.
- 4) **Cambio de substantivo:** *Neste asunto, Manuel corta a pescada.

Manténdose o significado ‘mandar’, a frase nominal que funciona como OD⁴ non pode ser relativizada e o substantivo non pode ser modificado. Non podemos tampouco varia-lo inventario dos compoñentes de xeito que se produza un cambio semántico regular⁵.

Unha boa parte das unidades fraseolóxicas presenta ademais outro trazo que tamén está ausente nas expresións libres: a idiomaticidade. O significado da construción non é deducible a partir da suma dos valores semánticos dos seus compoñentes e da relación que manteñen. O significado ‘mandar’ de *corta-lo bacallao* non se obtén, desde logo, a partir de *cortar*, de *o* e de *bacallao* e na medida en que é imprevisible e inanalizable debe aparecer no Lexicón.

Pois ben, nos dicionarios podemos atopar a carón de unidades fraseolóxicas fixas e idiomáticas, e sen distinción con elas, outras expresións que non presentan nin o trazo da fixación nin o da idiomaticidade, isto é, construcións libres analizables semántica e sintacticamente. A modo de exemplo podemos citar *bate-la sola*, *auga morna*, *con forza*, *poñerse a carón do lar...* (*Diccionario Enciclopédico gallego-castellano*); *aclarea-lo liño*, *pegar unha doenza*, *achega-la porta*, *ser un botaporela*, *cortar un idioma (ben ou mal)*, *preparar un exame*, *chapa-la cabala*, *queima-lo diñeiro*, *pedi-la baixa...* (*Diccionario Xerais da Lingua*); *ceo empedrado*, *facen anos*, *se-lo ollo dereito*, *ter bo ollo*⁶... (*Diccionario da lingua galega*)...

⁴ Algúns autores son da opinión de que xa non se pode falar de OD, nin en xeral de función sintáctica, no interior das expresións fixas, pola mesma fixación que lles é característica e que suspende, en maior ou menor grao, as súas propiedades sintácticas. Con independencia de que aceptemos ou non esta opinión, falamos de OD por razóns de claridade expositiva.

⁵ Algunhas destas operacións ou outras vedadas para a construción que tomamos como exemplo están permitidas en certas expresións, pondo de manifesto a existencia dun menor grao de fixación.

⁶ Por suposto, *bo ollo* e *ollo dereito* si son unidades fraseolóxicas, pero as respectivas expresións non deben incluí-los verbos, como adiante veremos. É necesario recoñecer un considerable avance neste dicionario en relación cos anteriormente publicados, polo menos no que respecta ós aspectos que aquí estamos analizando.

Neste grupo de construcións libres construídas seguindo procedementos propios da técnica do discurso, podemos establecer tres subgrupos fundamentais que engloban unha boa parte das expresións libres rexistradas nos dicionarios galegos. En primeiro lugar, un certo número de construcións fan referencia a actividades do mundo do campo ou da pesca, e están presentes no dicionario unicamente para informar sobre procesos ligados con esas actividades: *aclarea-lo liño*, *bate-lo leite* ou *maza-lo liño* introdúcense no *Diccionario Xerais da Lingua* exclusivamente para informar sobre cómo se aclarea o liño, para qué se bate o leite, ou con qué e para qué se maza o liño. A proba máis evidente deste feito é a definición que o mesmo dicionario propón da construción *aclarea-lo liño*: ‘poñer a aclarea-lo liño estendéndoo nun prado’. Repárese na inclusión do definido na definición.

Por suposto, a presenza destas informacións de carácter enciclopédico, máis en concreto etnográfico, non ten sentido nun dicionario de tipo xeral, e deben ser eliminadas sobre todo en canto a súa introducción leva á confusión e mestura entre expresións fixas e construcións libres.

O segundo dos subgrupos ós que faciamos referencia anteriormente está constituído por unha serie de expresións caracterizadas pola presenza entre os membros da construción dunha relación de implicación ou de selección léxica: *canta-lo peixe*, *senta-las costuras*, *ceo empedrado*, *achega-la porta*, *cortar un idioma (ben ou mal)*... Manténdose a acepción de *cantar* ‘puxar de viva voz’, ou a de *sentar* ‘alisar, pasa-lo ferro’, as únicas posibilidades de combinación dos verbos son, respectivamente, *peixe* ou os seus hipónimos, e *costuras*, pero este feito non implica, por suposto, que esas construcións sexan fixas ou idiomáticas. A non ser que exista unha xustificación sintáctica ou semántica que o impida, calquera operación propia da técnica do discurso é aplicable a esas expresións producíndose cambios semánticos regulares:

- 1) **Relativización**: O peixe que cantou Antón.
- 2) **Modificación**: Vou senta-las costuras do pantalón.
- 3) **Cambio de determinante**: Teño que sentar estas costuras.

Esas construcións non son, pois, fixas, e desde logo tampouco son idiomáticas posto que o seu significado é deducible a partir dos valores semánticos dos elementos compoñentes e da relación que manteñen, con independencia, por suposto, de que os verbos ou os adxectivos (*empedrado* en *ceo empedrado*) non presenten as súas acepcións primarias.

Non estamos negando a necesidade de informar sobre a combinabilidade das palabras, pero a presenza desta información non xustifica a mestura entre unidades fraseolóxicas e construcións libres, tendo en conta ademais que existen outros medios para logra-lo mesmo obxectivo (por exemplo, a presentación do contorno), que non mesturan grupos de palabras semántica, sintáctica e funcionalmente diferentes.

En terceiro lugar, un grupo bastante numeroso de expresións libres está constituído esencialmente polos verbos *ter* ou *ser* seguidos dun substantivo ou frase substantiva,

fundamentalmente do rexistro coloquial ou mesmo vulgar. Na maior parte dos casos o verbo *ter* expresa a relación dunha persoa con algo que existe ou ocorre nela, sexa momentáneo ou duradeiro, interno ou externo, “espiritual”, psíquico ou físico: podemos engadir ó exemplo citado anteriormente, estoutros tomados do *Diccionario Xerais da Lingua*: *ter moita labia*, *ter oficio*, *ter pernas de cabra*, *ter (bo) oído*, *ter mal da gorxa*, *ter boas pernas*, *ter madeira*, *ter arroutas*... Os elementos que se combinan con *ser* adoitan ter carácter cualificativo: *ser unha formiga*, *ser unha moza carrapucheiriña*, *ser un can vello*, *ser cuspidiño a alguén*... En tódolos casos estamos, por suposto, en presenza de construcións moi frecuentes, pero a súa introducción no grupo de expresións fixas pecha a porta á posibilidade doutras combinacións menos habituais, pero perfectamente válidas, deses substantivos, adxectivos ou frases con outros verbos, ou á súa aparición noutro tipo de estruturas: *necesítase bo oído para entrar no Conservatorio*, *un can vello como ese non necesita a ninguén*...

Nalgúns dicionarios podemos atopar tamén, dentro do mesmo grupo de unidades fraseolóxicas, o que en realidade non son máis ca acepcións da forma de entrada, acepcións nunca primarias: no *Diccionario Xerais da Lingua* encontramos, entre outras, *correr a alguén* (‘expulsalo, perseguilo’), *plantar a un* (‘deixalo burlado’), *sacudir a alguén* (‘pegarlle duramente, mallalo’)...⁷

Xa propiamente no grupo de expresións fixas, non é difícil encontrar construcións sospeitosas de seren interferencias do castelán. Dicimos só “sospeitosas” porque a detección de castelanismos no grupo das unidades fraseolóxicas resulta, ou pode resultar, unha tarefa enormemente complexa: a presenza de léxico e morfosintaxe galegos non é garantía suficiente para afirmar que estamos tratando cunha construción propia. Pola contra, se esta circunstancia non se dá, o máis probable é que esteamos en presenza dunha interferencia: *garda-las espaldas*, *poñerse as botas*... De tódolos xeitos, é necesario actuar con cautela. Hai que ter en conta que estamos tratando con expresións fixas, conxeladas no tempo, de xeito que algunhas das anomalías morfolóxicas, sintácticas ou léxicas que presenten as unidades fraseolóxicas poden responder á pervivencia de elementos arcaicos, perdidos na lingua actual e non á influencia do castelán. Se o léxico e a morfosintaxe son galegos é necesario recorrer a usos orais e escritos que nos axuden a coñecer se a expresión está viva ou o estivo nalgún tempo, pero actuando unha vez máis con moita cautela: sabemos da enorme influencia exercida no léxico polo castelán, influencia da que non se libran as unidades fraseolóxicas e que pode facer desaparecer da fala expresións propias ou impoñer outras alleas (cf. *Deus, pobo*; *Dios, pueblo*) e sabemos tamén do carácter popular de moitas expresións que as fai pouco apropiadas para apareceren en lingua escrita. Por todas estas razóns é necesario botar man doutros criterios que axuden á detección das interferencias, criterios que en boa medida deben ba-

⁷ Esta circunstancia non é exclusiva dos dicionarios galegos. No *Diccionario* da Real Academia Española podemos atopar no grupo de expresións fixas *escupir a uno* (‘hacer escarnio de él’), *correr a alguien alguna cosa* (‘fr. corresponder, incumbir’), entre outros exemplos.

searse no coñecemento das orixes da expresión e do ámbito no que se move o seu significado literal (así, por exemplo, se aceptámo-la opinión de J. Casares⁸, a expresión *non dar pé con bola* debe ser unha interferencia do castelán, pois segundo este autor a súa orixe non está no fútbol nin en ningún deporte similar, senón no xogo do tresillo, que, desde logo, non ten gran tradición en Galicia).

Centrándonos xa no grupo de unidades fraseolóxicas galegas, tres son os problemas xerais con que nos atopamos: a súa organización, a súa presentación e a súa definición. En relación ó primeiro aspecto, as expresións fixas adoitan situarse nos dicionarios galegos despois da última acepción da palabra de entrada, en contigüidade inmediata con ela e entre si, e tipograficamente destacadas, aínda que non ó mesmo nivel cás entradas monoverbais. Sen embargo, a escolla da palabra de entrada na que se recolle a unidade fraseolóxica non parece responder a ningún criterio: a modo de exemplo, no *Diccionario da lingua galega* atopamos *face-las beiras* tanto na entrada *facer* como na entrada *beira*, mentres que a expresión *face-la corte* só se recolle en *corte*; no *Diccionario Xerais da Lingua*, *face-la rosca* aparece en *rosca* pero *face-la rosca do galo* aparece en *facer*. A ausencia dun criterio rigoroso entorpece a procura do usuario que en moitos casos debe recorrer a varias entradas diferentes antes de atopar-la expresión que busca.

Sen embargo, cremos que é necesario destacar dous aspectos positivos neste tratamento: a organización alfabética das expresións despois da última acepción da palabra de entrada e o carácter arbitrario da escolla desa mesma palabra de entrada. Verbo do primeiro aspecto, cremos que esta organización é moito máis adecuada que aquela que ordena as expresións de acordo coas acepcións literais dos seus compoñentes. ¿Que sentido ten situar-la expresión *buscarlle tres pés ó gato* baixo a acepción de *pé* ‘parte terminal das pernas dos seres humanos e das patas dos animais’ ou baixo a acepción de *gato* ‘mamífero carniceiro...’, se o significado da expresión nada ten que ver con eses sentidos? Sen embargo, esta postura é defendida por algúns dicionarios e por algúns lexicógrafos de recoñecido prestixio (Seco, *ELE*, p. 204).

Tampouco é xustificable, na nosa opinión, a ordenación das expresións fixas baixo a entrada do seu suposto elemento principal ou máis significativo (como propoñen algúns dicionarios, entre outros o *Dictionnaire des locutions idiomatiques françaises* de Bruno Lafleur), na medida en que cremos que a procura dese elemento carece de sentido. Como norma xeral, as unidades fraseolóxicas idiomáticas son inanalizables semanticamente, pero aínda que esta análise poida ter lugar, non atopamos ningunha razón para conceder máis importancia a un elemento ca a outro, a non ser que se estableza unha xerarquía de categorías ou de funcións que, desde logo, sería tamén válida para as construcións libres.

Existe unha terceira forma de presentación das expresións fixas, pouco frecuente, que ten en conta sobre todo o seu carácter de unidades léxicas: como tales, deben posuír

⁸Casares, *ILM*, pp. 237-238.

entrada propia e independente e aparecer no dicionario ó mesmo nivel cás unidades monoverbais, organizadas alfabeticamente de acordo co seu primeiro elemento. Cremos que se trata dun modelo de presentación absolutamente xustificable e defendible, aínda que ofrece, sen embargo, problemas de carácter práctico (aumenta considerablemente o espazo necesario), o que tal vez explique a súa escasa presenza nos traballos lexicográficos. Por outro lado, este sistema organizativo contribúe ó que Rey⁹ cualifica de “éclatement de cette réalité selon la répartition arbitraire de l’alphabet”, pois expresións como *lanza-lo guante, recolle-lo guante; corre-la cortina, descorre-la cortina* ou *queima-lo último cartucho, último cartucho* aparecerían no dicionario completamente desligadas¹⁰.

En todo caso, se, como é práctica habitual nos dicionarios galegos, se decide introducir as unidades fraseolóxicas baixo a entrada dun dos seus compoñentes, debe facerse de acordo cun criterio arbitrario, pero aplicado rigorosamente (por exemplo, nas locucións substantivo + adxectivo sempre baixo a entrada do substantivo), que facilite a busca por parte do usuario e que ó mesmo tempo respecte a inanalizabilidade semántica das expresións fixas e o seu funcionamento sincrónico alleo á significación literal dos elementos constituíntes. Non negámo-la influencia connotativa destes significados literais subxacentes, pero cremos que ese “resto sémico” (P. Charaudeau, 1973, p. 13) non xustifica a descomposición semántica da expresión nin a ordenación da unidade fraseolóxica no dicionario de acordo coas acepcións orixinarias.

No que respecta á presentación no dicionario das expresións fixas, cremos que se debe tender cara á harmonización do tratamento das unidades fraseolóxicas e das unidades monoverbais funcionalmente equivalentes: substantivos e locucións nominais, verbos e locucións verbais, preposicións e locucións preposicionais opóñense paradigmaticamente, xogan un mesmo papel á hora de configurar unha mensaxe lingüística e en consecuencia, a súa presentación no dicionario debe ser parella¹¹. Na nosa opinión, o usuario da obra lexicográfica debe acceder ó mesmo tipo de información cando procura unha unidade pluriverbal que cando busca unha unidade monoverbal, pero esta non é, sen embargo, a situación habitual nos dicionarios galegos, ou máis en xeral, nos dicionarios: normalmente faltan as etiquetas categoriais (locución verbal, adxectiva..., fronte ás habituais verbo, adxectivo das unidades monoverbais...), non se distinguen claramente as distintas acepcións dunha mesma expresión (fronte á súa ordenación numérica nas unidades monoverbais), non se diferencian os casos de homonimia dos de

⁹ Rey, 1965, p. 74.

¹⁰ En realidade, é o mesmo problema que se presenta con unidades monoverbais como *coser, descoser; lama, gardalamas...* Como se sabe, algúns dicionarios tentaron paliar este inconveniente combinando a organización alfabética co agrupamento en familias de palabras. A colocación de unidades fraseolóxicas relacionadas semanticamente (como as que foron citadas) baixo a entrada dunha mesma palabra contribuiría tamén a paliar ese inconveniente no ámbito, esta vez, das expresións fixas.

¹¹ O máximo expoñente desta harmonización sería a organización das unidades fraseolóxicas en entradas independentes.

polisemia (pero si se fai normalmente nas unidades monoverbais, duplicación de entradas fronte á presentación de varias acepcións)...

No que se refire ás definicións, queremos destaca-la necesidade de distinguir claramente entre os varios significados ou valores que se poden presentar no dicionario: significado léxico, valor expresivo, significado pragmático, significado referencial (tipo de situación na que se enuncia unha expresión)... Existen unidades fraseolóxicas moi diversas que requiren definicións particulares de acordo cos valores ou significados que posúen ou que dominan neles. Así, por exemplo, as frases proverbiais (*pasou un anxo, o meu can pillou unha mosca, esa pera rabo leva...*) carecen, na nosa opinión, de significado léxico, e hai que dar conta do seu significado referencial, isto é, do tipo de situacións no que se enuncian, de acordo coa presentación propia deste valor ('dise cando...'). Existen por outro lado construcións especializadas en expresar determinados valores pragmáticos; o dicionario debe dar conta desta especialización. Nós propoñiamos, por exemplo:

haber roupa ó clareo *loc. v.* Haber xente diante que non debe oír. Emprégase normalmente en presente para evitar que continúe unha conversa, sobre todo se é de carácter "picante" e hai nenos diante.

Nos dicionarios galegos (e insistimos, tamén nos non galegos) préstase en xeral pouca atención á indicación de valores funcionais, pragmáticos, e na maior parte dos casos domina a falta de rigor na presentación doutros significados distintos ó léxico. De tódolos xeitos, cremos que esta puntualización tamén é válida para o tratamento das unidades monoverbais.

Somos perfectamente conscientes das dificultades que implica a elaboración dun dicionario, sabemos dos numerosos inconvenientes e problemas que tiveron que superar os nosos primeiros traballos lexicográficos, e por iso non podemos menos que respectar e mesmo admirar unhas obras que souberon servir de guía ós galegos no proceso normalizador e normativizador da súa lingua. Pero cremos que xa é posible e que xa é tempo de facer un dicionario galego de calidade que, tomando como punto de referencia as obras anteriores, saiba aproveitar o moito bo que teñen e saiba tamén supera-la súas deficiencias. Só esperamos que estas breves liñas contribúan dalgún xeito a esta necesaria tarefa.

BIBLIOGRAFÍA CITADA

- Ares Vázquez, M. C. *et alii*, *Diccionario Xerais da Lingua*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1993⁴.
- Casares, J., *Introducción a la lexicografía moderna* (Anexo LII da *Revista de Filología Española*), Madrid, 1950.
- Charaudeau, P., "Procédure d'analyse lexico-sémantique sur un corpus donné: 'oeil'", *Cahiers de lexicologie* 23, 1973, pp. 3-34.

- Isacenko, A. V., "Morphologie, syntaxe et phraséologie", *Cahiers Ferdinand de Saussure* 7, 1948, pp. 17-32.
- Lafleur, B., *Dictionnaire des locutions idiomatiques françaises*, Ottawa, Duculot, 1991.
- Real Academia Española, *Diccionario de la lengua española*, Madrid, Espasa-Calpe, 1992²⁰.
- Rey, A., "Les dictionnaires: forme et contenu", *Cahiers de Lexicologie* 7, 1965, pp. 65-102.
- Rodríguez González, E., *Diccionario Enciclopédico gallego-castellano*, 3 vols., Vigo, Galaxia, 1958-1961.
- Seco, M., *Estudios de lexicografía española*, Madrid, Paraninfo, 1987.
- Xove Ferreiro, X. *et alii*, *Diccionario da lingua galega*, Vigo, Obradoiro / Santillana, 1995.
- Zuluaga, A., "La fijación fraseológica", *Thesaurus* xxx-2, 1975, pp. 225-248.